

OTERO

A bailarina española





Tipo de espectáculo: **Danza contemporánea.**

Estreado: **6 de novembro do 2021 no Teatro Coliseo Noela de Noia**

Duración: **25 min**

Público: **maiores de 12 anos**


Sinopse da peza

É un proxecto coreográfico documental, que desexa construír unha biografía bailada sobre A bela Otero, a icona da Belle Epoque parisiense.

Unha muller feita a si mesma, galega de nacemento, que chegou a ser a pesar dos prexuízos e implícitos da dimensión rosa da súa vida, a bailarina española máis famosa de finais do século XIX.

Kirenia Martínez proponnos xunto á bailarina Paula Quintas, desenvolver un discurso de memoria alternativo para descubrir o achegue á escena moderna danzaria, e rescatar a súa identidade como muller emigrante e culta. Unha proposta contemporánea, cinematográfica e sonora, que viaxa da poesía ao corpo e do conceptual ao tradicional e identitario.

Como bailaba Carolina Otero? Como conecta a súa influencia na escena moderna coa práctica coreográfica actual?



A Bailarina Española é un proxecto coreográfico sobre a apropiación cultural que construíu a fascinante biografía de La Bella Otero. Carolina Otero foi a personificación da Belle Époque, coa súa exótica danza encantou a todos ao representar o cánon de beleza da muller española.

A identidade da Bella Otero foi un produto de grande éxito da mercadotecnia inspirada no exótico e pasional da muller española. Carolina Otero presentábase como xitana de Cádiz cando na realidade era galega, sendo oriúnda de Valga (Pontevedra), aldea da que fuxira tras sufrires unha violación que a deixara estéril con once anos de idade. Logo de emigrar a Lisboa e Cataluña, estableceuse en París, e alí transformouse nunha das estrelas do mítico cabaré Folies Bergère e xirou polos teatros máis importantes do mundo enteiro.

Este proxecto coreográfico desexa construír unha biografía bailada da Bella Otero. A través da danza este proxecto quere rescatar a súa identidade como muller emigrante e culta, como mito erótico e artista de fama internacional, galega e xitana, e proxectar un documento coreográfico sobre a identidade da muller española exótica e típica da época colonial. Como bailaba Carolina Otero? Quen foi na realidade o maior mito erótico español de finais do XIX? Como conecta a súa influencia na escena moderna coa práctica coreográfica actual? Muller emigrante feita a sí mesma, acompañante de homes ricos e poderosos, artista de éxito internacional; inmensamente rica, adicta ao xogo, moza belísima que se retirou con corenta e seis anos para evitar a decadencia pública, e finalmente anciá arruinada e esquecida.

“A bailarina española” é o título deste proxecto por un poema que o poeta cubano José Martí escribiu

despois de asistir a un recital neoiorquino da Bella Otero no 1890. Este poema modernista do heroe da independencia da antiga colonia é de lectura obrigatoria nas escolas cubanas.

Que tipo de apropiación cultural sustentou o éxito da danza desta bailarina española que fascinou ao poeta cubano da independencia?

Desde o recitado de memoria da bailarina española de José Martí, construiremos unha coreografía desde a fisicalidade da danza contemporánea acompañada de achegas documentais tales como imaxes de postais da artista, unha gravación de 1890 onde se pode ver a Carolina Otero bailando O Valse Brillante de Chopin, datas acompañadas de feitos documentados da súa biografía e contextualizados historicamente.

Sen dúbida A Bella Otero entronca coas actuais artistas de trap e coas cupletistas de principios do XX, aquelas artistas que durante as primeiras décadas do século XX continuaron a senda da Bella Otero, Loïe Fuller ou Josephine Baker. Estas grandes artistas desenvolvéronse dentro dunha escena moderna caracterizada pola liberdade do corpo e o exotismo identitario que, en múltiples ocasións, ocultara a procedencia destas mulleres emigrantes que construíron cun discurso artístico sobre o exótico, a súa identidade para triunfar nos cabarets e teatros da Belle Époque.

O interese pola figura de Carolina Otero rexurdiu nas últimas décadas coa publicación das biografías noveladas de Carmen Pousadas e Ramón Chao, a produción dunha miniserie sobre a súa vida e numerosos artigos trataron a dimensión social da súa figura. Con este proxecto de laboratorio interézanos recuperar o seu achegue á escena moderna e desprezar unha memoria actualizada sobre a súa danza.

O obxectivo deste proxecto coreográfico é desenvolver un discurso da memoria alternativo ao que a propia Bella Otero construíu durante o seu longo retiro en Niza, localidade da Costa Azul que a acolleu na súa última época. A Bella Otero morreu aos 97 anos despois de dilapidar a súa inmensa fortuna xogando á ruleta. O Casino de Montecarlo outorgoulle unha pensión vitalicia polo charme co que se xogara súa gran fortuna. Lonxe de implícitos e prexuízos sobre a dimensión rosa da súa figura, é desde un discurso coreográfico contemporáneo desde onde queremos descubrir a achega á escena moderna da bailarina española máis famosa de finais do século XIX.





Compañía: **KIRENIA DANZA**

Dirección: **Kirenia Martínez**

Creación coreográfica: **Kirenia Martínez e Paula Quintas**

Intérprete: **Paula Quintas**

Poesía: **Branca Novoneyra**

Espazo sonoro e música orixinal: **La Shica (Elsa Rovayo) e Bruno Baw, Moisés Fernández e Rubén de Marchena**

Deseño gráfico e fotografía: **Fotográfica Oviedo**

Video creación: **Carlota Mosquera**

Iluminación: **Javier Gey**

Vestuario: **Kirenia Martínez e Paula Quintas**

Producción: **Uxío Novo**

Agradecementos: **Fundación Sgae**

Distribución: **Kirenia Danza**



Paula Quintas é bailarina, alambrista circense, coreógrafa visual e pedagoga. Os seus traballos destacan pola estética do corpo en diálogo con movemento, xerando un compoñente visual e circunstancialmente audiovisual. É codirectora do Festival Corpo(a)Terra, reconvertido en Abanea - Festival do movemento e directora artística do festival 6 coreógrafas do Concello da Estrada, ademais de vicepresidenta da Rede nacional de festivales de danza contemporánea en espacios no convencionales Acieloabierto. Traballa coa pedagogía da danza en Danza Alfaia, cunha liña de investigación contemporánea contorna ao corpo e liñas alternativas de aprendizaxe en Santiago de Compostela, con un proxecto regular pedagóxico. Ademais é especialista en Técnica Laban impartindo talleres en diferentes conservatorios e centros privados.

Licenciada na Universidade de Santiago de Compostela en Historia da Arte, presentando o seu proxecto final de carreira en BodyArt e vídeo-creación, graduada no Conservatorio Trinity Laban en Danza contemporánea e diplomada en National Centre for Circus Arts de Londres.

É Máster en Artes escénicas coa proposta de investigación “Filosofía e estética do corpo no circo coreografiado” pola Universidade Rey Juan Carlos - URJC (Madrid) 2019-2020, dirixido por Carlos Roldán. Actualmente, investiga na Universidade de Vigo, unha tese doutoral, dentro do programa creación e investigación en arte contemporánea co director Carlos Tejo.

Os seus últimos espectáculos como creadora son Multiperspectivas (2021), Nina Ninette (2021), SET (2020), Alma (non é hippie) (2019), Plastic (2018), Analepsis (2017), up2 down (2015).

Forma parte da compañía trasPediante, reconvertida en Determinada Compañía, como contedor de proxectos relacionados coa danza e artes do movemento, ademais de formar parte doutras compañías como PisandoOvos, Pistacatro, Cia Jui- Wei Hung e Kirenia Danza.

Traballa na xestión e promoción da formación profesional dentro do ámbito da danza e o circo na comunidade galega, sendo a representante da Danza e o Circo na Comunidade de Galicia, en Escena Galega (Asociación galega de empresas de artes escénicas).

Kirenia Martínez Acosta (Santa Clara, Cuba, 1980) Bailarina, actriz, coreógrafa e directora da compañía Kirenia Danza, conta cunha longa traxectoria artística, con máis de 20 anos de experiencia, as súas creacións foron presentadas en varios países: na súa Cuba natal, Suecia, Alemania, Bélxica, Brasil, Luxemburgo, Francia, Italia, Portugal, Hungría, Grecia, Brasil e Inglaterra.

Actualmente, ademais da produción e distribución das propostas coreográficas de Danza-Teatro das súas compañías Kirenia Danza (2019-) e Entremáns (2006-), segue a colaborar con varios proxectos de investigación coreográfica, literaria, e audiovisual con outras entidades de recoñecido prestixio internacional en proxectos como os europeos AESOP ou ABMS, a programación descentralizada “Danzar o Camiño” site-specific en lugares patrimoniais, e outros de creación de públicos dancísticos no rural galego.

Tamén codirixe o Festival Quincegotas da Coruña (2015-actualidade) e o Festival dos Eidos (2019-actualidade), como fixo co Festival Empape da Coruña (2008-2011)



Contacto: **Kirenia Martínez**
+34 617654332
Distribución: info@kireniadanza.gal

Cía. KIRENIA DANZA www.kireniadanza.gal

